



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral		Código	652606E3I6
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia converxe coas materias do itinerario de FOL. Ten como finalidade a busca, selección e análise de experiencias innovadoras e de investigación na Formación Profesional, especialmente, na orientación profesional e nos módulos da especialidade de FOL.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	(CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Buscar, seleccionar, analizar e presentar propostas docentes innovadoras nos módulos da especialidade de FOL	AP25		CM1
	AP26		CM3 CM6 CM7
Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional.	AP25		CM6
	AP26		CM7
Analizar e valorar ámbitos de innovación e investigación no centro de prácticas	AP25		CM7
	AP26		

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. A innovación nos módulos e materias da especialidade.	.1. Conceptos básicos de referencia 1.2. Ámbitos de innovación na Formación Profesional 1.3. Experiencias innovadoras en Orientación profesional 1.3. Experiencias innovadoras no módulo de FOL e de Empresa e iniciativa emprendedora
Tema 2. A investigación no ámbito docente e orientador	2.1. Temáticas e metodoloxía 2.2. Estudos de inserción laboral 2.3. Estudos sobre orientación profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A25 A26 C3 C6 C7	4	18	22
Presentación oral	A25 C1 C3 C6	3	2	5
Prácticas a través de TIC	C3 C6 C7	1	4	5
Portafolios do alumno	A26 A25 C1 C6 C7	4	8	12
Sesión maxistral	A25	2	0	2
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	<p>As fontes documentais obxecto de análise recollen experiencias innovadoras e pesquisas. Nos dous casos referidas a Formación Profesional, as materias ou módulos da especialidade e a outras etapas educativas, sempre e cando podan ser transferibles á especialidade. Previamente a súa análise, teñen que buscalas e seleccionalas.</p> <p>As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal e teñen que difundirse entre o grupo clase a través dunha ferramenta dixital previamente seleccionada.</p>
Presentación oral	As experiencias analizadas terán que ser presentadas na aula. Para isto dispoñen de 30 minutos e deberán expor a experiencia analizada por outro compañeira/o.



Prácticas a través de TIC	<p>As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na utilización dunha ferramenta dixital para compartir as experiencias analizadas e comentar e valorar as estudadas polo resto dos grupos.</p> <p>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe son compartidas co resto das materias do itinerario. Na materia de Proxectos de innovación e investigación, amplíase o marcador social cos recursos dixitais localizados e seleccionados a través da análise de fontes documentais e da utilización das redes sociais e incorporáanse novas fontes e recursos á contorna persoal de aprendizaxe. Con estas actividades están a traballarse as competencias dixitais docentes de tres áreas:</p> <p>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).</p> <p>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais)</p> <p>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais)</p>
Portafolios do alumno	<p>As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal que ha de presentarse nun artefacto dixital. O portafolio ten unha parte individual (análise e valoración das experiencias e das fontes) e unha parte en grupo, resultado da posta en común das lecturas sobre o concepto de innovación e os seus ámbitos e sobre a valoración e conexión entre as experiencias analizadas. A estrutura do portafolio e as pautas para a parte grupal van ser presentadas o primeiro día de clase.</p>
Sesión maxistral	<p>Coa lección maxistral preséntanse os principais eixos e ámbitos de innovación e investigación nos módulos e materias da especialidade e acotanse conceptos vencellados a innovación educativa.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	<p>A atención personalizada está vencellada principalmente a análise das fontes documentais. O seu obxectivo é proporcionar a axuda e as orientacións necesarias para a selección e análise das experiencias innovadoras. Está ligada a unha avaliación formativa.</p> <p>O alumnado con matrícula a tempo parcial con dispensa académica terá unha atención personalizada ao servizo do seguimento e supervisión das actividades que computan na avaliación.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	C3 C6 C7	<p>A creación do marcador social é grupal. Os criterios de avaliación son o número de recursos incorporados, as etiquetas utilizadas para a súa clasificación e o nivel de descrición e valoración dos recursos incorporados. O peso na cualificación é de 5 puntos.</p> <p>A construción da contorna persoal de aprendizaxe é individual, o peso na cualificación é de 5 puntos.</p> <p>A presentación do cartafol a través dun artefacto dixital e a difusión das experiencias analizadas puntúan 10 puntos, 5 para cada unha.</p>	20



Presentación oral	A25 C1 C3 C6	Todas as persoas do grupo expoñen as experiencias analizadas. A cualificación das presentacións vai ser outorgada polo alumnado a partir dunha rúbrica, previamente consensuada co alumnado. Esta rúbrica vai ser utilizada, coas adaptacións correspondentes, ás presentacións noutras materias do módulo específico.	20
Portafolios do alumno	A26 A25 C1 C6 C7	<p>O portafolio ten unha parte individual e unha parte grupal, elaborada a partir dunha posta en común. A parte individual puntúa até 40 puntos e a grupal 20. Os criterios para a primeira son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Selección (variedade, relación coa FP e coas materias e funcións orientadoras do profesorado de FOL, transferibilidade e valoración das fontes utilizadas)- Descrición das experiencias conforme os criterios previamente fixados.- Valoración das experiencias e da súa transferibilidade. <p>Para a parte grupal os criterios son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Concepto de innovación, dimensións, concreción para a FP e as materias da especialidade e fontes utilizadas.- Valoración conxunta das aprendizaxes adquiridas e das experiencias.- Coñecemento e valoración das experiencias do resto dos grupos	60

Observacións avaliación

ASISTENCIA ÁS AULAS

A asistencia ás aulas é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de facer e entregar as actividades realizadas na aula. O alumnado con matrícula a tempo parcial e dispensa académica realizará as mesmas actividades e asistirá as titorías de seguimento e supervisión que se fixen consensuadamente. CUALIFICACION FINAL E REQUERIMENTOS PAR APROBARA cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades que puntúan. Para superar a materia é indispensable realizar as tres actividades e obter a metade da cualificación (35) na actividade de análise de fontes documentais. INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquer tipo de documento deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición.

Plaxio

O plaxio nas actividades de avaliación será motivo de suspenso. Así se recolle no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Allueva Pinilla, A. I e Alejandro, J. L. (2016). Simbiosis del aprendizaje con tecnología. Experiencias innovadoras en el ámbito hispano.. Prensas de la Universidad de Zaragoza - Castañeda, L y Adell, J. (2013). La anatomía de los PLEs . Alcoy: Marfil - EDUCAweb (). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.eudcaweb.com/premios/ediciones/ - Instituto de Tecnologías Educativas (). . http://www.ite.educacion.es/ - INTEF: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (). Red de buenas prácticas 2.0. http://recursostic.educacion.es/buenaspracticas20/web/es/formacion-prefional/608-buenas-practicas - Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (). Insituto de Tecnologías Educativas y de Formación del profesorado . http://77www.ite.educacion.es/ - Navas Baena, R. (2010). Investigación e innovación en el aula.. Granada: Ada. <p>Para a busca de experiencias innovadoras proporcionase unha listaxe de fontes electrónicas.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Inserción e orientación laboral/652606612

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Iniciación á investigación educativa/652606E32

Innovación docente/652606E42

Observacións

Débesse facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural.Débesse ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.En coherencia cos principios enunciados, as tarefas que son obxecto de avaliación entregaranse en formato dixital a través de moodel.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías